



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



PEL PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2023.-

OBXECTO E FINALIDADE.

Axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas.

A finalidade destas axudas á contratación é apoiar ás pequenas, medianas empresas e microempresas da provincia da Coruña con domicilio fiscal en concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes para a contratación labora dun/ dunha traballador/a.

DESTINATARIOS E REQUISITOS.

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estén desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda e reúnan os seguintes requisitos:

- Ter domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes.
- No caso de persoas autónomas, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional.
- No caso de persoas xurídicas, estar inscritos no Rexistro mercantil ou no Rexistro público correspondente.
- Estar dado de alta nalgunha actividade empresarial e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

GASTOS SUBVENCIONABLES.

Custes salariais e da seguridade social da contratación dun/dunha traballador/a a xornada completa ou parcial durante un período máximo de 12 meses dentro da anualidade 2024. Comprenden os soldos e salarios, as cotas empresariais á Seguridade Social así como outros gastos relativos á prestación por Incapacidade Temporal (IT) e os derivados das situacións de permiso de maternidade/paternidade a cargo do empresario/a.

O período subvencionable comprenderá gastos salariais e de seguridade social das contratacións iniciadas na anualidade 2024 e que teñan unha duración mínima de 6 meses.

Subvencionaranse exclusivamente os meses de contratación incluídos dentro da anualidade 2024.

CONTÍA.

Importe estimado do orzamento de gastos	Mínimo: 1.428,57€	Máximo: 21.428,57€
Importe subvención a conceder	Mínimo: 1.000,00€	Máximo: 15.000,00€
Importe máximo a solicitar	Ata o 70% do orzamento de gastos subvencionable	
Coeficiente de financiamento	Como máximo do 0,70	

PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES: DENDE O 22/01/2024 ATA O 22/02/2024 ÁS 14.00 HORAS.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: BOP N.º 11 DE DATA 15/01/2024.

PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO [981778169](tel:981778169). (Lourdes).